



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

#### **ASISTENTES**

##### **PRESIDENTE**

D. Miguel Ángel Pérez Dubois

##### **VOGAIS**

Dna. Amalia Elsa Pazos Pintos  
(Xefa do Servizo de Montes)

D. X. Carlos Morgade Martínez  
(Representante das CMVMC da provincia de Pontevedra)

D. Víctor Abelleira Argibay  
(Representante do colexio de avogados da provincia)

Dna. Lorena Peiteado Pérez (Letrada da Xunta de Galicia)

##### **VOGAIS REPRESENTANTES DA CMVMC DE RIBADETEA**

D. José Amoedo Soteliño  
D. Feliciano Fernández López

##### **SECRETARIA**

Dna. Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria adscrita ao Servizo Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do día 30/06/2015 coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre resolución do expediente de clasificación do monte denominado “**Lomba**”, na parroquia de Ribadetea solicitado a favor dos veciños da CMVMC de Ribadetea (Ponteareas)

##### **Antecedentes de Feito:**

**Primero.-** Con data de entrada 11/01/2008, don José Amoedo Soteliño, como presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de Ribadetea, concello de Ponteareas, presenta unha solicitude de iniciación de clasificación dunha parcela comunal denominada “Lomba”, acompañada de diversa documentación.

Tras varios trámites para corrixir deficiencias na documentación presentada, diversos informes do Servizo de Montes establecen que o monte “Lomba” non está clasificado e que a súa extensión final, segundo a cartografía rectificadora pola comunidade solicitante, é de 5.747 m<sup>2</sup>.

**Segundo.-** O Xurado Provincial de Montes en Man Común acordou, na súa sesión de 27/10/2010, incoar o correspondente expediente de clasificación da devandita parcela a prol da CMVMC da parroquia de Ribadetea, concello de Ponteareas.

O 02/11/2010 solicítase ao Servizo de Montes a elaboración do informe preceptivo conforme o artigo 20 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común. Con data 23/02/2011 recíbese o antedito informe preceptivo do Servizo de Montes.

Con data de entrada 06/04/2011, a comunidade de montes solicitante presenta nova documentación histórica e actual sobre o monte “Lomba”.

**Terceiro-** A Rexistradora da Propiedade de Pontearreas, en escrito de data 26/04/2011, certifica que o Monte denominado “Lomba” non figura inscrito no Rexistro da Propiedade coas características presentadas.

**Cuarto-** Feitas as comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, ningunha das partes presentou alegacións.

**Quinto-** Á vista da documentación aportada pola comunidade solicitante e os informes do Servizo de Montes, a parcela obxecto do expediente obedece á seguinte descrición:

**Concello:** Pontearreas

**Parroquia:** Ribadetea

**Nome da parcela:** “Lomba”

**Cabida:** 5.747 m<sup>2</sup>.

**Lindes:**

**Norte e Oeste:** Vía asfaltada que vai do Campo de fútbol da Lomba ao Parque Móbil da Deputación Provincial.

**Sur:** Fincas particulares de Herdeiros de Carmen Carballido Zúñiga e Herdeiros de Manuel Domínguez Sánchez.

**Leste:** Antigas instalacións de Cophefor.

**Sexto-** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, en reunión celebrada o día 03/10/2011, acordou CLASIFICAR como veciñal en man común a parcela denominada “Lomba” a prol dos veciños da CMVMC da parroquia de Ribadetea do Concello de Pontearreas.

**Sétimo.-** Contra a citada resolución, dona Gabriela Lagos Suárez-Llanos e don Manuel Sánchez Rodríguez, como administradores concursais da Sociedade AVIGÁN Granjeros Pontevedreses S.A., achegando a credencial correspondente, e en representación da citada entidade, en data 15/12/11 presenta **recurso de reposición** alegando, en síntese, o que segue:

1- Que se dite a nulidade do acordo de clasificación por falta de notificación ao titular rexistral, pois alega que a finca clasificada está rexistrada a nome desta empresa.

2- Que se anule o acordo por falta de proba dos requisitos necesarios para a clasificación como veciñal en man común, para o cal aduce:

a) Que a finca en cuestión está inscrita no catastro a nome da empresa, é terreo urbanizable e non ten carácter forestal.

b) Que non é certo que a finca fora limpada pola Comunidade de Montes de Ribadetea, senón que o foi pola empresa.

c) Porque a empresa Avigán é a propietaria da finca por venda do Concello de Pontearreas. En proba de tal alegación presentan copia de escritura de compravenda entre as dúas partes de data 6/2/1991 da finca “Cruceiro da Lomba”, de 6.287 m<sup>2</sup>, como resultado de ser a empresa Avigán a adxudicataria dunha subhasta pública realizada polo Concello de Pontearreas o 7/7/1976 da citada finca con carácter de bens de propios, que pertence ao Concello “*por posesión inmemorial*”. Segundo establece unha cláusula da citada escritura, esta adxudicación se fixo coa condición de que “*el adjudicatario vendrá obligado a montar en la parcela objeto de la subasta una industria, que deberá comenzar sus actividades antes de los cinco años desde la fecha de la firma de la escritura de compraventa y mantenerla en*



*funcionamento durante los treinta siguientes...". Na cláusula seguinte especificase que "el no cumplimiento de lo dispuesto en la cláusula anterior será objeto de que la parcela revierta nuevamente al patrimonio municipal, sin que el Ayuntamiento tenga que abonar cantidad alguna por ello a su propietario".*

**Oitavo.-** Contra o anterior recurso, don José Amoedo Sotelino, en nome e representación da Comunidade de Montes de Ribadetea, en data 11/01/12 presenta impugnación coas seguintes alegacións:

1- Sobre a alegación de falta de notificación ao titular rexistral polos administradores concursais de Avigán, alégase que na propia Certificación Literal de Inscripción Rexistral presentada polos recorrentes inclúese a anotación da entrada en concurso da empresa en 2006 con disolución da mesma e cese dos seus administradores; e como non consta o nomeamento de administradores concursais, non había a quen hipoteticamente comunicar o procedemento, que por outra parte xa saíu publicado no D.O.G.

2- Sobre a alegación da parte recorrente de falta de proba dos requisitos necesarios para a clasificación como monte veciñal en man común, adúcese que diversos documentos proban a existencia dunha masa forestal na parcela, que a inscrición catastral e a rexistral non impiden a clasificación como veciñal da parcela e que o aproveitamento veciñal quedou probado no procedemento, inda que para maior abondamento presenta novos medios de proba deste uso veciñal: facturas de 12/2005 e 10/2010 da empresa Desbroces Deza por limpeza da parcela, certificación do Concelleiro de Vías e Obras do Concello de Pontearreas de data 10/08/2010 na que se afirma que o Concello retirou da parcela diverso lixo a petición da Comunidade de Montes de Ribadetea, escrito de 19 veciños manifestando o carácter veciñal e o aproveitamento ao longo dos últimos anos, declaración dun operario contratado pola comunidade de ter participado na limpeza da parcela en xuño do 2010 e fotografías nas que se aprecia na fronte da parcela o cartel da Comunidade de Montes recordando a prohibición de verter lixo.

**Noveno.-** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, en reunión celebrada o día 16/04/2012, acordou desestimar o recurso de reposición e confirmar en todos os seus termos a resolución clasificatoria de 03/10/2011.

**Décimo.-** Con data 04/10/2012, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igapé) presenta escrito, acompañado dunha nota rexistral da Rexistradora da Propiedade de Pontearreas, no que alega que sobre a devandita finca hai constituída unha hipoteca ao seu favor en contragarantía de avais concedidos a Avigan, que foron aboados nos anos 2005 e 2006 ás entidades bancarias. Por iso, alega que, ao non ser oído no expediente nin se lle notificar as actuacións relativas ao mesmo, a clasificación desta finca como veciñal en man común está viciada de nulidade de pleno dereito.

**Undécimo.-** Presentado recurso xudicial por Avigan Granjeros Pontevedreses S.A., a Sala do Contencioso-Administrativo nº 2 en procedemento ordinario nº 246/12, na súa sentenza de 29-05-2013, estima o recurso e anula as resolucións impugnadas, acordando a retroacción do procedemento clasificatorio aos afectos da debida comunicación e intervención de quen figuran como interesados por seren titulares rexistrais.

**Duodécimo.-** O Xurado Provincial de Pontevedra, en reunión de 05/11/2013, acordou reiniciar os trámites para a clasificación da devandita parcela como veciñal en man común.

**Décimo Terceiro.**- Aberto o trámite de audiencia ás partes interesadas, a Comunidade de Montes de Ribadetea reitera a petición de clasificación, reafirmando nas alegacións e probas documentais presentadas con anterioridade e que obran no expediente.

**Décimo Cuarto.**- O Igape presenta escrito de alegacións oponéndose á clasificación en base ás seguintes consideracións:

1- Que a finca referida está hipotecada a prol do Igape en virtude de escritura pública como contragarantía a diversos avais concedidos a Avigán por diversas entidades financeiras e executados posteriormente. Presenta diversa documentación demostrando este feito, incluída unha nota rexistral do Rexistro da Propiedade de Ponteareas.

2- Que a clasificación como veciñal en man común da citada parcela "Lomba" deixaría sen efecto o seu dereito de hipoteca.

3- Únese ás alegacións formuladas por Avigán Granjeros Pontevedreses S.A. e aos medios de proba practicados no recurso contencioso-administrativo 246/2013, en particular:

3.1- Que a finca é propiedade de Avigán desde 1976 por compra en poxa pública ao Concello de Ponteareas.

3.2- Que a finca foi utilizada por Avigán para aparcamento dos seus camións e vehículos.

3.3- Que o informe da Consellaría de Medio Rural recolle que a finca non pode definirse como monte senón como solo apto para urbanizar, e que se aprecia en varias zonas compactación do solo debido ao tránsito e estacionamento de vehículos, o que ratifica o alegado por Avigán.

3.4- Que o testemuñado polas antigas traballadoras de Avigán no citado recurso xudicial, ratifica que a finca sempre foi usada por Avigán para aparcamento de camións e vehículos dos empregados, que era Avigán quen realizaba a limpeza, que eran os propios traballadores os que a vixiaban cando foi pechado o matadoiro e que os carteis foron postos despois; todo isto desvirtúa o uso consuetudinario polos veciños.

3.5- Que a proba pericial xudicial practicada ratifica que a finca "Lomba" corresponde coa rexistrada a nome de Avigán, que segundo o planeamento municipal suspendido se atopa en solo clasificado como apto para urbanizar e segundo o Decreto 180/2004 de suspensión do planeamento, debe considerarse solo rústico de protección ordinaria.

**Décimo Quinto.**- O Concello de Ponteareas non presenta alegación algunha, limitándose a dar conta da preceptiva exposición do edicto do Xurado no Taboleiro de Anuncios do Concello.

**Décimo Sexto.**- A administración concursal da empresa Avigán Granjeros Pontevedreses S.A. presenta escrito de alegacións nos que se reitera nas xa efectuadas no pasado recurso de reposición, presenta copia da sentenza da Sala do Contencioso-administrativo nº 2 e denuncia que a Comunidade de Montes de Ribadetea efectuou sen permiso unha plantación de árbores na referida parcela "Lomba", polo que presentou a correspondente denuncia diante da Garda Civil e realizou o cerramento da parcela con postes no linde coa estrada (achega copia da denuncia e factura dos traballos de valado da finca).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro:** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter ao abeiro do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.



**Segundo.-** De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro débese entender por montes veciñais en man común “... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños”.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

**Terceiro.-** O aproveitamento a prol dos veciños de Ribadetea queda recollido no informe preceptivo do Servizo de Montes cando establece que “*la parcela se encuentra poblada por latizal/fustal de pino pinaster y pies sueltos de roble y sauce. Algunos pies presentan señales de poda apilados sobre el terreno. Ha sido desbrozada recientemente y en varias zonas se aprecia compactación de suelo debido a tránsito y estacionamiento de vehículos, sin que puedan deducirse servidumbres de paso*”.

Por outra parte, o informe dos técnicos do Distrito Ambiental XVII Condado-Paradanta aporta que “*o antigo garda do lugar manifesta que a dita parcela sempre foi monte común*”. Ademais informa que a finca lindante polo sur, propiedade de Carmen Carballido Zúñiga, nas súas escrituras sinala que a dita finca linda polo norte con monte común.

**Cuarto.-** A CMVMC solicitante aporta un informe con documentación histórica (Expedientes de exclusión de Ventas de Montes Comúns, Visitas a Reales Dehesas, etc.) para probar o carácter veciñal que tiña a parcela en distintos momentos da historia, así como un informe pericial sobre o carácter forestal da parcela “Lomba”, na que se aprecia un cartel da Comunidade de Montes de Ribadetea prohibindo o vertido de lixo. Ademais, presenta facturas de 12/2005 e 10/2010 da empresa Desbroces Deza por limpeza da parcela, certificación do Concelleiro de Vías e Obras do Concello de Pontearreas de data 10/08/2010 na que se afirma que o Concello retirou da parcela diverso lixo a petición da Comunidade de Montes de Ribadetea, escrito de 19 veciños manifestando o carácter veciñal e o aproveitamento ao longo dos últimos anos e declaración dun operario contratado pola comunidade de ter participado na limpeza da parcela en xuño do 2010.

**Quinto.-** Fronte a esta abundosa documentación, que debe outorgárselle carácter probatorio, tendo en conta ademais as dificultades de que o uso e aproveitamento veciñal xere documentación escrita, o Igape e Avigán presentan documentación que acredita a súa titularidade rexistral e os seus dereitos hipotecarios, esquecendo que non son estas cuestións sobre as que debe resolver o Xurado Provincial de Clasificación. Debe lembrarse a doutrina sentada polo Tribunal Supremo en Sentenza de 7 de marzo de 2001:

*“Las cuestiones sobre la propiedad del monte “Dacosta” han de proponerse ante la jurisdicción civil (artículo 10.9 de la Ley estatal de Montes Vecinales y 13 a) de su homóloga gallega), sin que la clasificación del terreno como monte vecinal en mano común tenga otro efecto que el de atribuir la presunción de propiedad de los mismos en vía administrativa, en tanto que aquella no se pronuncie en contra. Consecuencia de ello es que no cabe en*

*ningún caso formular pronunciamientos sobre el dominio definitivo del monte, sea en virtud de usucapación o de cualquier otro modo de adquirir, debiendo limitarse la resolución de los Tribunales de esta Jurisdicción a resolver si la clasificación meramente administrativa, que ahora se combate, se ha ajustado a los presupuestos legales contenidos en la Ley Gallega 13/1989, y muy especialmente, si existe algún óbice legal o jurisprudencial que obste a la corrección de esa clasificación de acuerdo con dicha normativa. Por lo tanto, todas la alegaciones que puedan oponerse o hayan de valorarse frente a la clasificación y que consistan en la alegación de la presumible posesión a tenor del artículo 38 de la LH a favor de la parte recurrente, unicamente podrán serlo desde el punto de vista de averiguar si cabe otorgarles relevancia para desvirtuar la presunción de explotación mancomunada del mismo por parte de los vecinos de Fontenla que reconoce la sentencia impugnada...”.*

Por parte do Igape e de Avigán non se presenta documentación algunha que contradiga esta presunción. Alegan que a finca sempre foi usada por Avigán para aparcamento de camiões e vehículos dos empregados, que era Avigán quen realizaba a limpeza e que eran os propios traballadores os que a vixiaban cando foi pechado o matadoiro, consonte ao testemuñado polas antigas traballadoras de Avigán no recurso xudicial. Pero non presentan nin unha proba documental de tal xestión, que no ámbito empresarial sería máis doada de xerar que na propia xestión veciñal. Avigán soamente presenta copia da denuncia e do cerramento realizado cando xa se iniciara o expediente.

O informe do Servizo de Montes, corroborado pola visita do propio instructor, ratifica o estado forestal da parcela. O elevado número de árbores e a idade dalgúns deles non permiten un uso total e xeralizado da parcela como lugar de aparcamento de vehículos e camiões. Inda que se ten constatado, tal e como se expón no informe do Servizo de Montes, que *“en varias zonas se aprecia compactación de suelo debido a tránsito y estacionamiento de vehículos”*; pero estas zonas ocupan unha parte mínima da parcela e á beira da estrada que a bordea polos seus lindes N e O, xusto enfronte da fábrica de Avigán. De isto se deduce que o posible uso como estacionamento de vehículos da empresa e traballadores de Avigán foi esporádico e parcial, e non interrompeu o aproveitamento forestal en comunidade dos veciños de Ribadetea.

Sexto.- Tampouco está acreditado na documentación que obra no expediente que o destino a outros usos diferentes aos tradicionais se realizou tras constatar a ausencia de aproveitamentos por parte dos veciños. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na sentenza 997-2005 de 10 de novembro, recorda que *“A sentenza do Tribunal Supremo de 24-4-00 resume a doutrina establecida sobre este particular nos seguintes termos: “...apareciendo, además, destinada la superficie en litigio desde un tiempo considerable a usos industriales, deportivos, mineros, o a cualquier tipo de servicio público, la razón que justificaría la clasificación administrativa del monte como presuntivamente vecinal desaparece, siempre y cuando aparezca acreditado que el origen de esos usos no forestales ha sido otorgado en circunstancias tales que evidenciaban la ausencia de posesión del aprovechamiento como montes vecinales por parte de los vecinos en aquellos momentos”*. Na documentación presentada pola Igape e Avigán, Granjeros Pontevedreses S.A. non aparece tal constatación e o Concello de Pontearreas non presentou alegacións.

Por todo isto, debe concluírse que o aproveitamento veciñal consuetudinario non se veu interrompido ou afectado de xeito significativo polo poxa realizada polo Concello de Pontearreas nin pola actuación rexistral de Avigán, nin tampouco pola actuación hipotecaria do Igape. Non está constatado que a parcela “Lomba” chegara a ter un uso industrial pleno que desvirtuara ou impedira o aproveitamento tradicional dos veciños.

Sétimo.- Sobre cuestións de titularidade, débese recordar que o propio decreto 260/1992, polo que se aproba o Regulamento de Montes Veciñais en Man Común, indica que *“non será obstáculo á clasificación*



*dun monte como veciñal en man común o feito de estar incluído nalgún catálogo, inventario ou rexistro público con asignación de diferente titularidade, salvo que os asentos se practicasen en virtude de sentenza ditada en xuízo declarativo”.*

Sobre esta cuestión, a mesma sentenza 997/2005, de 10 de novembro, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia recorda que “En canto ás inscricións rexistras, basta remitirse ao que di a STS de 7-3-01 “*La conclusión que se desprende de la reiterada doctrina de esta Sala sobre la materia (entre las últimas. Sentencias de 11 de abril de 1997, 11 de noviembre de 1998 y 24 de abril de 2000) es que la mera inmatriculación en el Registro de la Propiedad a favor de un Ayuntamiento, de un monte que ha venido aprovechándose mancomunadamente por los vecinos de la zona no determina, por sí sola, la pérdida de la condición de "monte vecinal", ni da lugar al nacimiento de una presunción posesoria idónea para adquirir por usucapión la propiedad del mismo en tanto no resulte suficientemente acreditada la inexistencia del aprovechamiento consuetudinario que ha dado lugar a su calificación; y con mayor razón ha de mantenerse este criterio si se tiene en cuenta que la imprescriptibilidad de los montes vecinales es una constante de nuestra legislación ya a partir de la Compilación Foral aprobada por Ley de 2 de diciembre de 1963”.*

**Oitavo.-** Sobre a catalogación urbanística da parcela “Lomba”, non é este un aspecto determinante para a súa clasificación como monte veciñal en man común. En todo caso, os plans xerais de ordenación municipal non son instrumentos xuridicamente validos para mudar a natureza propia dos montes veciñais en man común, dadas as singulares características que conforman o réxime xurídico destes, presidido polos principios de indivisibilidade, inalienabilidade, inembargabilidade e imprescritibilidade. A xurisprudencia verbo disto é clara (Sentenza do TSXG 19/2010).

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instrutor e o Xurado acorda por unanimidade dos seus membros:


**CLASIFICAR** como veciñal en man común a parcela denominada “Lomba” a prol dos veciños da CMVMC da parroquia de Ribadetea, do Concello de Pontearreas de acordo coa descrición reflectida no Antecedente de Feito Quinto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e que forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente publicación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.






MONTE LOMBA. Escala 1:3.000



PARCELA LOMBA PLANO PARA CLASIFICACIÓN PARCELA	
C.M.V.M.C. de Ribadetea - Parroquia de Ribadetea Concello de Pontareas - Provincia de Pontevedra	
O Enxeñeiro Técnico Forestal <i>Julio Ruíz Cagigal</i> Asdo.- Julio Ruíz Cagigal Telf: 986.660864	DATA: 26 de Maio de 2008
PLANO Nº 2	
<small>PLANO REALIZADO POLA ASOCIACIÓN FORESTAL DE GALICIA CO PATROCINIO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL</small>  <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais <small>En base a levantamento con GPS Trimble (corrección diferencial) e cartografía da C.P.T.O.P.V. ELIPSOIDE Internacional. Fuso U.T.M 29 N. Datum European 1950</small>	

SITUACION 1/25.000



PARCELA LOMBA PLANO DE SITUACIÓN	
C.M.V.M.C. de Ribadetea - Parroquia de Ribadetea Concello de Pontareas - Provincia de Pontevedra	
O Enxeñeiro Técnico Forestal <i>Julio Ruíz Cagigal</i> Asdo.- Julio Ruíz Cagigal Telf: 986.660864	DATA: 26 de Maio de 2008
PLANO Nº 1	
<small>PLANO REALIZADO POLA ASOCIACIÓN FORESTAL DE GALICIA CO PATROCINIO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL</small>	